



Boletín de Medio Ambiente



Figueira da Casa-Museo de Rosalía de Castro

Concello: Padrón.

Descripción: Trátase dunha árbore senlleira catalogada co número 50 no Catálogo Galego de Árbores Senlleiras.

O conxunto está suxeitado por un gran contraforte de ferro, xa que o feble tronco non pode aguantar a copa.

O maior interese desta árbore é a súa vinculación coa poetisa Rosalía de Castro, pois seguramente foi ela quen a plantou e citaa no poema *Adiós, ríos; adiós, fontes*, incluído no seu poemario *Cantares gallegos*.

Características: O seu nome científico é *Ficus carica L* e conta coas seguintes medidas:

- » Altura: 5,70 m.
- » Perímetro normal: 1,56 m.
- » Diámetro de copa: 5,95 m.
- » Idade estimada: 100-150 anos.

Noticias

Os coches eléctricos da Coruña non teñen enchufe

Acaban de cumplirse sete anos da instalación de 30 puntos de recarga dos coches eléctricos na cidade de Coruña. A Consellería de Industria, que xunto co goberno municipal achegou os 230.000€, estimaba entón que en dexeños o 15 % dos vehículos serían eléctricos. As previsións foron máis aló do optimismo xa que na actualidade esa porcentaxe non chega nin ao 0,05% e ningún dos puntos de recarga funciona.

Fonte: La Voz de Galicia

O Día Mundial da basuraleza

No Día Mundial da Vida Silvestre que se celebrou o 3 de marzo, é más probable que un ave mariña morra afogada tras tragarse unha cabicha a que todas as persoas do mundo depositen no lixo a lata de refresco que están a beber. A contaminación por residuos de orixe humana nas contornas naturais. é tan grave, que era necesario crear unha palabra no noso idioma que ademais de potente e clara, visualizase o problema. Así naceu basuraleza, térmo acuñado por Libera, unha iniciativa conjunta entre Ecoembes e SÉ/BirdLife, nada para concienciar contra o abandono de residuos na natureza.

Fonte: El Mundo

Alargascencia un frente contra a obsolescencia programada

O termo alargascencia inventouno a asociación Amigos da Terra fai uns dous anos. Un termo que pretende darlle unha nova oportunidade ás cousas rotas ou gastadas.

Sempre relacionamos a obsolescencia programada coa tecnoloxía pero empezou moito antes: en 1.920 os fabricantes das lámpadas e as medias déronse conta de que duraban tanto que non facían negocio, polo que decidiron rebaixar a súa calidade para incrementar as vendas.

Talleres de reparación, aluguer de ferramentas ou máquinas para uso puntual, compra de segunda man, préstamo ou trueque son as novas consignas que non só evitan a xeración de máis lixo, senón que empiezan a ser unha nova opción de vida para moitos que abren pequenos negocios.

Fonte: El País

A grave deforestación do Amazonas

Un novo estudo publicado na revista *Science Advances*, afirma que é posible que os bosques da Amazonia, a selva tropical máis grande do mundo, estean a chegar a un punto de crise.

Desde 1970 perdérонse máis de 765.000 km² de bosque, cunha perda anual que nos últimos tempos reduciuse a uns 5.000 km² pero non para de avanzar.



Fonte: Muy Interesante

Cemiterio de bicicletas en China

Os servizos de bicicletas compartidas prometían ser a mellor solución aos problemas de tráfico e polución do aire que complican a vida de millóns que habitan as megalópolis do país asiático.

O problema orixinouse cando distintas compañías começaron a ofrecer aos ciclistas a posibilidade de deixar as súas bicicletas rentadas onde quiesen, sen ter que ir especificamente a unha estación de devolución. Isto xerou que as determinadas cidades teñan que lidiar con verdadeiros cementerios de vehículos de dúas rodas debido a que os usuarios simplemente as abandonan en rúas e calquera outro sitio que atopen. O número de queixas de veciños vinculadas a bicicletas abandonadas é tal que as autoridades directamente comenzaron a acordar centos de bicicletas xuntas para evitar que se sigan formando máis polos de acumulación.

Outros sistemas de bicicleta compartida que prescinden das estacións de devolución fracasaron e tiveron que ser prohibidos en cidades como Londres, mentres que San Francisco, Nova York e Washington buscan darlle un intento ao polémico método.

Fonte: Infobae

Sabías que...

segundo a Organización Mundial da Saúde nove de cada dez persoas respiran aire contaminado no mundo?

Cada persoa pode baixar a contaminación equivalente a dez minutos de emisión de gases dun tubo de escape cun xesto tan sinxelo como depositar no colector amarelo seis latas de refrescos, seis botellas de plástico, tres botes de deterxente ou oito botes de champú.

Boas Prácticas

Supermercado libre de plásticos

A cadea de supermercados ecolóxicos Ekoplaza inaugurou, o 27 de marzo en Ámsterdam, o primeiro supermercado “libre de plásticos” e que frecé só produtos a granel ou envoltos en papel, cartón ou outras alternativas con certificación ecolólica.

O novo Ekoplaza Lab ofrece preto de 700 produtos de alimentación e bebidas nos que non se utilizan plásticos, ademais de evitar este tipo de compostos derivados do petróleo nas bolsas e embalaxes ao dispor do público.

Segundo os seus responsables, o proxecto LAB de Ámsterdam quere ser un primeiro paso para implantar o concepto ‘sen plásticos’ de forma máis ampla. O segundo establecemento deste estilo podería abrir as súas portas o próximo verán na Haia e, a medio prazo, a proposta é que todos os supermercados da cadea dispoñan polo menos dun corredor no que se ofrezan exclusivamente produtos sen plásticos.

Fonte: La Vanguardia

As árbores senlleiras galegas afrontan a súa primeira revisión en dez anos

As árbores senlleiras de Galicia afrontan a súa primeira revisión desde que a Xunta elaborase ou catálogo galego hai dez anos. Investigadores do Campus Terra da USC teñen por diante quince meses para verificar e valorar o estado das especies, elaborar fichas de cada unha delas e actualizar o catálogo, do que forman parte, na actualidade, 187 monumentos vexetais.

Fonte: La Voz de Galicia

As cidades europeas capitanean a prohibición dos vehículos diésel

As grandes cidades españolas e europeas están obligadas a lidar cunha realidade ambiental: o seu aire está contaminado, en ocasións, por encima do legal, como Madrid e Barcelona. Os vehículos que utilizan o gasoil supoñen case a metade de todo o parque automobilístico de Europa occidental. Despois de Irlanda e Portugal, os estados con máis porcentaxe de automóbiles diésel son Italia e España cun 57%. Francia ten un 52% e Alemaña o 45% dos seus parques respectivamente.

“As cidades non teñen outra opción. Non poden facer outra cousa que non sexa prohibir o diésel si queren escapar das multas millonarias que pode impor o Tribunal Europeo”, explica Julia Poliscanova, responsable de Transporte Limpo na organización Transport.

Fonte: El Diario

Axenda Ambiental

06/03/2018 – 07/03/2018 Uhinak. III Congreso Transfronterizo sobre cambio Climático e Litoral. Irún.

Ata 12/03/2018 Información Pública do Borrador da Estratexia Española de Economía Circular.

14/03/2018 – 16/03/2018 Curso Infraestructura Verde e Xestión da Biodiversidade en Contornas Urbanas. Oleiros.